



Concello de Baralla

DECRETO NÚMERO 66.- Baralla 6 de xullo de 2017

Con data 15 de xuño de 2017, por decreto desta alcaldía número 57 aprobáronse as bases que rexerán a convocatoria para a contratación de persoal laboral temporal para realizar traballos de prevención e defensa contra incendios forestais do Concello de Baralla, en cumprimento do “Convenio de colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e a Entidade Local de Baralla para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante os anos 2016, 2017 e 2018, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014–2020”, para os seguintes postos de traballo:

- 2 xefes de brigada
- 2 peóns conductores de brigada
- 6 peóns de brigada

O 30 de xuño de 2017, por decreto número 64 aprobouse a lista provisional de admitidos e excluídos que elevouse a definitiva por decreto número 65, de 4 de xullo.

A data marcada para o proceso de selección foi o día 6 de xullo.

Quedando deserta unha das prazas de xefe de brigada

Polo presente RESOLVO:

Primeiro.- Realizar unha nova e urxente convocatoria para cubrir unha praza de xefe de brigada, de conformidade coas bases xa aprobadas e que atopanse expostas na páxina web do concello e no taboleiro de anuncios.

Segundo.- Conceder como prazo para presentar as solicitudes ata o **11 de xullo de 2017**.

Terceiro.- Fixar como día e hora para a **realización da proba teórica tipo test o día 12 de xullo de 2017 as 10 horas**.

Cuarto.- Publicar esta Resolución no Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web do Concello www.concellobaralla.es.

Acórdao, mándao e asíno o Sr. Alcalde, D. Manuel Jesús González Capón e certifico.



Concello de Baralla